

# III DEASAFÍO MILLAGROSA

Sábado  
31 DE AGOSTO, 2019

INSCRIPCIÓN  
GRATUITA



Proba cronometrada  
e controlada  
por árbitros da Federación  
Galega de Atletismo



Federación Galega  
de Atletismo



ORGANIZA:



COLABORA:



ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA  
"A MILAGROSA"

## “III DESAFÍO A MILLAGROSA”

A Asociación de Comerciantes, Hosteleiros e Profesionais do Barrio da Milagrosa de Carballo, a Asociación Cultural e Deportiva “A MILLAGROSA” e o Concello de Carballo, organizan o “III Desafío Millagrosa” que se celebrará o vindeiro **31 de agosto de 2019 a partir das 9:30 h.**

O “III Desafío Millagrosa” é unha carreira de obstáculos, realizada no barrio de A Milagrosa, co debido permiso das autoridades.

### PARTICIPACIÓN:

#### - INDIVIDUAL: ABSOLUTA E MENORES:

Para poder participar **é preciso ter 16 anos** no momento da celebración da proba e ter aceptado dito regulamento. Os menores de idade terán que formalizar un documento de consentimento paterno. A carreira disputarase por un sistema de **quendas cada 10 minutos**, e cada unha delas, **constará de 10 corredores** aproximadamente. A orde de saída será por orde de inscrición. Nos días previos á proba, publicaranse os nomes dos membros de cada lote no **Facebook da Asociación de Empresarios de A Milagrosa** e en **www.carreirasgalegas.com**. A través da megafonía realizarase o chamamento de saída e de presaída. **O número máximo de inscritos será de 110 corredores**. Inscricións ata o mércores 28 de agosto. A primeira saída terá lugar **ás 9:30 h.**

#### -POR EQUIPOS:

Os equipos estarán compostos por **4 participantes de forma mixta** (a cantidade de homes e mulleres por equipo, non se recolle neste regulamento), aínda que o equipo participe en distintas quendas, sumaranse os tempos de cada un dos integrantes.

### CRONOMETRAXE:

A proba será **cronometrada** e estará regulada **por Xuices Árbitros da F.G.A.**

### PERCORRIDO

**CATEGORÍA ABSOLUTA, MENORES E EQUIPOS:** van a pasar por un **circuíto de 1000 m.** aprox. con un grupo de obstáculos que deben ser superados e terán que repetir o circuíto á carreira na segunda volta ésta vez sen obstáculos.

### PENALIZACIÓN:

A falta de superar calquera obstáculo, cada participante terá que facer un total de 15 “burpees” (flexión e salto).

### CUSTE PARA OS PARTICIPANTES

Será totalmente gratuita.

## IDENTIFICACIÓN

Para recoller o dorsal, será imprescindible presentar o D.N.I. ou outro documento identificativo de todos os corredores por mor do seguro de un día. **Recolleranse na carpa de organización o mesmo día.**

## SEGUROS

- 1.- Cada corredor, participa baixo a súa responsabilidade asumindo a súas posibilidades físicas.
- 2.- A organización dispón de **Seguro de responsabilidade civil que cubre a proba.**

## MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓN

- 1.- Non realizar o percorrido na súa totalidade ou non superar os obstáculos debidamente.
- 2.- Participar baixo outra identidade ou estar inscrito incorrectamente.
- 3.- Calquer outra situación non recollida neste regulamento e que segundo ó xuízo da organización sexa considerado coma incorrecto.
- 4.- Non cumprir o regulamento ou a alteración do comportamento da proba.

## SEGURIDADE

A organización disporá de unha ambulancia con médico na zona de saída e meta.

## TROFEOS E MEDALLAS

- 1.- Todos os corredores que rematen a proba terán unha **medalla “FINISHER”**.
- 2.--Trofeos para os tres primeiros homes e trofeos para as tres primeiras mulleres.
- 3.- Medallas para todos os integrantes dos tres primeiros equipos.

## SERVICIOS E AVITUALLAMIENTO

- Duchas y baños do Forum Carballo.
- Avituallamiento líquido na zona de meta.
- Animación durante o percorrido con grupo de “ZUMBA”
- **Ó finalizar a proba teremos unha sardiñada organizada pola Comisión de festas da Milagrosa**

## RÚAS AFECTADAS:

### AVD. DA MILAGROSA:

Utilizarase a veirarúa e o carril máis próximo ó Parque e á Capela da Milagrosa, quedando útil para o tráfico rodado un carril de ida e outro de volta dirección Carballo-Coristanco.

### APARCAMENTO DA PRAZA DA MILAGROSA:

Utilizarase por completo, quedando libre ó tráfico a rúa Camiño do Cemiterio Vello.

### **CAMIÑO DO CEMITERIO VELLO:**

Quedaré libre ó tráfico e só se utilizará a veirarúa e zona do aparcamento que está máis próxima ó Parque da Milagrosa e ó campo de fútbol sala.

### **EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ:**

Utilizarase na súa totalidade desde a rúa Xílgaro hasta a Camiño do Cemiterio Vello.

### **RÚA XÍLGARO:**

Utilizarase o carril máis próximo ó Parque da Milagrosa, quedando os outros dous libres ó tráfico unindo a rúa Saturnino Cuiñas con Adv. da Milagrosa.

### **OUTRAS DISPOSICIÓNS**

**ASISTENCIA MÉDICA:** A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**SEGURO:** Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

**ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO:** Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

**LOPD:** Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.


**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

ORGANIZA:



COLABORAN NA PROBA:





PERCORRIDO  
PECHE CON VALAS / CONOS

AVD. DA MILAGROSA

RUA CEMITERIO VELLO

RUA EMILIO GONZÁLEZ

RUA XILGARO

META

SAÍDA

Google Earth